

# PLAN ANUAL CURSO ESCOLAR 2018-2019

(Aprobado en Consello Escolar o día 09-10-2018 )

## **PLAN ANUAL CURSO ESCOLAR 2018-2019**

### **(Aprobado en Consello Escolar o día 09-10-2018 )**

O Plan Anual para o curso escolar 2017-2018 elabórase tendo en conta o Plan Estratéxico aprobado para o período 2018-2022, vinculado co Proxecto de Dirección do actual equipo. Tamén se elabora a partir das conclusións da avaliación do Plan Anual do curso escolar 2017-2018 realizada nos órganos de coordinación académica e colexiados do centro: Comisión de Coordinación Pedagóxica, Claustro de Profesoras e Profesores e Consello Escolar.

Tamén se ten en consideración o Plan de Melloras 2017-2019 presentado ante a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, segundo se recolle no Anexo I, e que contén 12 propostas de mellora.

En consecuencia con todo o anterior propónse un Plan Anual no que destacamos dous ámbitos diferenciados. Dunha banda aquelas cuestións que afectan ao desenvolvemento institucional do centro pero que dependen na súa solución da implicación das administracións educativas, e da outra aquelas outras cuestións que dependen directamente da comunidade educativa.

No primeiro caso, e unha vez máis seguindo os acordos dos órganos colexiados e de coordinación didáctica da Escola, temos que destacar cuestións que serán trasladadas á administración educativa para os efectos oportunos:

1. A necesidade de mellorar e/ou aumentar os equipamentos, recursos e medios en función das actividades propias da Escola e doutras que cómpre potenciar en función da especificidade do centro, como a exhibición teatral interna e externa, propia e allea, como medio de contribuír ao desenvolvemento das competencias terminais de cada especialidade.
2. A necesidade urxente de dar continuidade ao proxecto inicial en relación coa sede da ESAD, da que faltan dous edificios por construír. Os espazos dispoñibles para a realización de traballos de moi diverso tipo todos eles vinculados coa docencia e a aprendizaxe, ou coa investigación que demanda a lexislación vixente (Real Decreto 630/2010, artigo 4) resultan a todas luces insuficientes. Ademais de aulas prácticas, e espazos para o profesorado e o alumnado, resulta perentorio contar co equipamento propio da tecnoloxía escénica, talleres de construcións de escenografías, obradoiros de deseño, obradoiros de construción de útiles escénicos, ou almacéns para actividades escénicas.
3. A necesidade de contar cos recursos humanos suficientes para o normal desenvolvemento das actividades nun centro que ofrece titulacións superiores equivalentes aos graos universitarios e integrado no Espazo Europeo da Educación Superior. Cómpre persoal de administración e servizos para atender as necesidades de Biblioteca, Creación e Produción, Tecnoloxía escénica, Mantemento, e Coordinación de servizos técnicos. Cómpre

igualmente seguir contando con catro persoas para conserxería, dado que non se repuxo a praza que quedou vacante ao aprobar unha oposición a persoa que a ocupaba.

4. A necesidade de dispoñer dos recursos financeiros suficientes para o normal desenvolvemento das actividades. Existen necesidades derivadas da docencia de determinadas áreas como Prácticas de dirección de actores ou Prácticas de escenificación (que esixe a contratación de bolseiros), para servizos como a Biblioteca, e para outras actividades de aprendizaxe como os Proxectos Fin de Carreira ou os traballos de creación escénica: escenografía, caracterización, indumentaria, iluminación...
5. A necesidade de equipamentos en moi diferentes áreas, desde a dotación técnica da Sala Pedra Seixa, un equipamento informático adecuado, dotación de recursos de iluminación e son en aulas prácticas, ou dotacións específicas para aulas da especialidade de escenografía.

No segundo caso, consideraremos moi especialmente os resultados do segundo informe de seguimento que se enviou á ACSUG en febreiro de 2018, segundo o convenio asinado entre esta última institución e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.. De todo iso derivan unha serie de eixos:

1. Trasladar ás autoridades académicas a necesidade de poñer en marcha os mecanismos necesarios para poder cubrir as necesidades que se expoñen nos apartados anteriores, do 1 ao 5.
2. Iniciar a execución do Plan Estratéxico 2018-2022, naqueles ámbitos en que sexa posible.
3. Formular para o curso escolar 2018-2019 un conxunto de obxectivos fundamentais, que serían:
  - a) Potenciar a mellora permanente nos procesos de ensinanza e aprendizaxe, fomentando a coordinación didáctica entre materias a nivel de curso e de titulación.
  - b) Lograr a maior visibilidade e difusión posible para a oferta educativa do centro.
  - c) Ampliar a oferta educativa do centro, mediante o deseño de estudos específicos de posgraao, máster e doutoramento, que necesariamente se terán que organizar en colaboración coa Universidade de Vigo.
  - d) Potenciar a creación teatral asociada aos procesos de ensinanza e aprendizaxe e promover a súa visibilidade e difusión interna e externa.
  - e) Potenciar a creación de equipos de investigación, e fomentar o labor investigador do profesorado e do propio alumnado.
  - f) Potenciar os procesos de mobilidade de alumnado e profesorado, e da transición á vida activa do alumnado, prestando especial atención ao programa Erasmus Mundus.
  - g) Iniciar as prácticas externas do alumnado.

- h) Potenciar o funcionamento da Xunta de delegadas e delegados e da Delegación de alumnado.
- i) Continuar o proceso de traballo que permita lograr nun prazo razoable de tempo a certificación FIDES-AUDIT, ou no seu defecto a ISO 9001.
- j) Dar cumprimento a directrices varias das autoridades educativas sobre bibliotecas escolares, igualdade de xénero, prevención do acoso e do maltrato e da discriminación, igualdade de oportunidades...

En función dos tres eixos de traballo, o Plan anual considera varias liñas de traballo que serían as que de seguida se explican:

**NECESIDADES DO CENTRO.** Traslado ás autoridades académicas dun informe exhaustivo e xustificado sobre as necesidades do centro, atendendo aos parámetros antes sinalados.

**INVESTIGACIÓN.** Dar cumprimento ao establecido na lexislación vixente (RD 630/2010) a través das seguintes medidas:

- Deseño dun Máster específico e propio do centro.
- Creación de equipos de investigación.
- Dar visibilidade a produción científica do persoal docente da Escola.

**PROMOCIÓN DA ESCOLA.** Trátase de lograr a máxima incidencia entre persoas susceptibles de seren usuarios dos servizos educativos que ofrece a Escola. A idea básica coa que debemos traballar é a de presentar a ESAD de Galicia como un lugar óptimo para estudar Arte dramática, mostrando as potencialidades dos nosos estudos en relación con áreas de exercicio profesional. Haberá que prestar atención aos seguintes ámbitos:

- Definir e realizar actividades estratéxicas: visitas, propaganda, encontros, xornadas...
- Política de comunicación interna e externa, dando conta das diferentes actividades e iniciativas do centro.
- Darlle a máxima proxección ás probas de acceso para o curso 2019/2020.
- Visibilidade dos titulados e tituladas a través da páxina web.

**PROCESOS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE.** Debe ser un dos eixos fundamentais do traballo ao longo do curso para lograr o máximo grao de satisfacción do alumnado partindo de criterios de rigor, excelencia e responsabilidade por parte do profesorado e do alumnado. Debemos potenciar o rol dos titores/as e das reunións de equipos docentes para facer un seguimento

adecuado da marcha do curso escolar. Hai que prestar atención aos seguintes aspectos:

- Potenciar as Xuntas de Titulación como mecanismo de coordinación docente e interdepartamental.
- Promover a coordinación entre materias e áreas de coñecemento.
- Promoción dos traballos de integración do facer e do saber, en 1º, 2º, 3º e 4º, a través de proxectos integrados entre materias.
- Elaboración de materiais en rede.

**TRABALLOS DO ALUMNADO.** Potenciación das Mostras de Traballo e dos Traballos Fin de Estudos e convertelos nun marco de confrontación entre creadores e espectadores que redunde en beneficio dos procesos de aprendizaxe e da cualificación profesional das tituladas e titulados. Tamén deben ser unha ocasión de convivencia de toda a comunidade escolar e, no caso do alumnado de cuarto curso, unha oportunidade de darse a coñecer como novos creadores e creadoras. Será importante coordinar as seguintes áreas:

- Promoción das Mostras de decembro, marzo, e maio.
- Promoción dos Proxectos Fin de Estudos en xuño e xullo.
- Promoción da exhibición interna e externa (allea e propia). Sala Ártika e outros espazos escénicos.

**DOCUMENTOS DO CENTRO.** Prestarase especial atención ao Sistema de Garantía Interno de Calidade.

- Revisión anual do Manual de Calidade.

**USO DE INFRAESTRUTURAS E RECURSOS.** Cómpre continuar coa mellora dos mecanismos para un uso adecuado das instalacións, medios e recursos do centro, a través de protocolos áxiles pero que permitan garantir o mantemento adecuado de instalacións e dotacións, promovendo o seu uso permanente.

- Organización recursos.
- Organización aulas, corredores, almacén.
- Plan de usos de espazos e recursos. Recollida, uso e depósito.
- Mantemento e mellora do edificio.

**ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN.** Neste ámbito debese prestar atención especial a algunhas accións prioritarias, recollidas no Plan Anual de Comunicación:

- Política de comunicación interna e externa.

- Coordinación dirección / departamentos / servizos.
- Organización da secretaría e da conserxería...
- Comunicación co alumnado a través da Xunta de delegados e delegadas e da Delegación de alumnado, mantendo reunións periódicas.
- Relación cos axentes sociais e grupos de interese da escola, moi especialmente para a realización de prácticas externas do alumnado.

**CALIDADE.** Continuación dos traballos programados atendendo as indicacións de ACSUG:

- Introducir as melloras propostas, e outras detectadas desde o propio centro, no Manual de Calidade.
- Continuar o procedemento para lograr a certificación FIDES-AUDIT.

**ACTIVIDADES ESAD.** Moitas das actividades que realizamos na ESAD derivan de convenios con institucións e organismos diversos. A Escola debe potenciar esas liñas de traballo porque se dunha banda lle fornecen recursos importantes, da outra concédelle unha enorme visibilidade. Ao mesmo tempo, con estas actividades a ESAD amplía o número de usuarios potenciais e logra unha maior implantación en todo o territorio da comunidade. Se ben o plan de traballo se recolle no Plan Anual de Actividades, para este curso imos prestar especial atención a:

- Mostras de traballos de alumnado, no centro e en teatros da península. Vaise continuar co programa “A ESAD fóra de portas”, tentando que espectáculos realizados por alumnado do centro se presenten en teatros de Galicia, e doutras cidades do Estado e do norte de Portugal.
- Visitas, viaxes de estudo.
- Día Mundial do Teatro.
- Colaboración con entidades como CDG, AGADIC, AAAG, Museo de Pontevedra, Concello de Redondela, Asociación De Ruada.
- Revista electrónica ESAD.
- Escénika, Campus internacional.
- Compañía ESAD. Convenios de realización de proxectos.
- Proxecto Nós.
- Programación Sala Pedra Seixa.
- Conmemoracións diversas ao longo do ano.

**ANEXO I****DE113.04 Plan de melloras curso 2017-2018 e 2018-2019**

Edicións	Data	Revisións e motivos das mesmas	Aprobación Servizo Calidade
1	Novembro 2015	Acreditación ACSUG	30-11-2015
2	Febrero 2018	Novo Autoinforme ACSUG	27-02-2018



## PRESENTACIÓN

Desde novembro de 2015, mes en que se presentou o Primeiro Autoinforme elaborado desde a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, ata marzo de 2018, en que se presenta este Segundo Autoinforme teñen acontecido algunhas cousas relevantes:

1. Publicación do Decreto 179/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática na Comunidade Autónoma de Galicia, no Diario Oficial de Galicia do 7 de novembro de 2015.
2. Remisión con data do 22 de xullo de 2016 do Informe de Seguimento emitido pola ACSUG á vista do Autoinforme da ESAD.
3. Publicación da Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática en desenvolvemento do Decreto 179/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática na Comunidade Autónoma de Galicia, no Diario Oficial de Galicia do 1 de decembro de 2016.

En consecuencia, desde decembro de 2015 ata marzo de 2018, na ESAD de Galicia vimos traballando na adecuación da normativa interna e dos procedementos de calidade ao novo Decreto e á nova Orde, que se ben non introducen cambios substantivos, si aconsellaron unha revisión completa de toda a documentación propia da ESAD.

Por outra banda, a raíz do Informe de Seguimento elaborado pola ACSUG, tamén se tomaron as medidas pertinentes para facer fronte ás propostas nel contidas. **Queremos destacar e agradecer sinceramente a visión positiva que destila o dito Informe de Seguimento, pero tamén todas as propostas de mellora que contén, e que apreciamos enormemente pois tamén nos axudan a visualizar o sentido e finalidade de todo o proceso de seguimento.**

No actual documento presentamos as propostas de mellora en curso, así como as propostas a ter en conta para o próximo curso escolar 2018-2019, que se iniciará en poucos meses.

Consideramos un total de 12 accións estratéxicas que se presentan e describen a continuación.

ACCION 1: Revisión da normativa interna.

ACCION 2: Revisión do Manual de Calidade.

ACCION 3: Revisión da Memoria do Título.

ACCION 4: Prácticas externas.

ACCIÓN 5: Información pública.

ACCIÓN 6: Actualización da páxina WEB.

ACCIÓN 7: Transparencia e boa administración.

ACCIÓN 8: Indicadores da titulación. Mellora.

ACCIÓN 9: Taxas de inserción laboral. Estudos.

ACCIÓN 10: Certificación FIDES-AUDIT en marcha.

ACCIÓN 11: Informe de seguimento ACSUG 2014-2015. Accións de mellora.

ACCIÓN 12: Mellora permanente procesos de ensinanza-aprendizaxe.



1

**ACCION 1: Revisión da normativa interna**

<b>Punto débil detectado</b>	Adecuación á nova normativa: Decreto 159/2015 e Orde do 21 de novembro de 2016.
<b>Ámbito de aplicación</b>	Estrutura organizativa e académica da ESAD
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Dirección do centro
<b>Obxectivos</b>	Adequar e actualizar os documentos programáticos do centro: Plan Educativo, Plan Curricular, Normas de Organización e Funcionamento.  Aplicar as modificacións introducidas no plan de estudos ao longo dos cursos 2016-2017 e 2017-2018.
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Revisión sistemática da documentación
<b>Período de execución</b>	Decembro de 2016 ata xuño de 2018.
<b>Responsable</b>	Dirección Profesorado Persoal de administración e servizos
<b>Indicadores de execución</b>	Documentos revisados e nova versión dos mesmos. Validación pola inspección educativa.  Aplicación das variantes do plan de estudos.
<b>Observacións:</b>	
As modificacións introducidas nos documentos, que aparecen recollidos nos capítulos 2 e 3 do Manual de Calidade, non inclúen as que corresponden ao Plan Estratéxico 2018-2023, que será aprobado antes da finalización do presente curso escolar 2017-2018.	
<b>Nivel de cumprimento</b>	90%
<b>Resultados obtidos</b>	Todos os documentos foron revisados sen que a inspección educativa formulase obxeccións aos mesmos.  A aplicación das variantes do plan de estudos foi realizada sen ningún tipo de complicación.
<b>Grao de satisfacción</b>	Elevado.
<b>Accións correctoras a desenvolver</b>	Finalización do novo Plan Estratéxico nos prazos sinalados.

**2**
**ACCION 2: Revisión do Manual de Calidade**

<b>Punto débil detectado</b>	Necesidade de adecuar o Manual de Calidade ao establecido na nova normativa aplicable.
<b>Ámbito de aplicación</b>	Procesos administrativos, académicos, educativos e de xestión da ESAD de Galicia.
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Dirección Departamento de Calidade / Servizo de Calidade Consello Escolar
<b>Obxectivos</b>	Adequar todos os procedementos á nova normativa, revisando con especial atención os procedementos nos que se producen cambios significativos
<b>Período de execución</b>	Cursos 2016-2017 e 2017-2018, en tanto o curso escolar 2016-2017 servirá para elaborar e aplicar una nova versión dos procedementos aplicables a partir da publicación da Orde do 21 de novembro (posterior ao inicio de curso), e o curso 2017-2018 para aplicar os procedementos restantes e mellorar os xa aplicados. No curso escolar 2018-2019 completaranse os procedementos que restan para finalizar o Manual, especialmente nos procedementos de xestión.
<b>Responsable</b>	Dirección Departamento de Calidade / Servizo de Calidade Consello Escolar Persoal de administración e servizos
<b>Indicadores de execución</b>	Nova versión do Manual de Calidade

**Observacións:**

Quedan por elaborar os procedementos vinculados coa xestión do centro, porque se ben xa existen protocolos claros de actuación, aínda non se procedeu á elaboración do correspondente documento, especialmente os que aparecen no capítulo 6, 10, 11, 12 e 13, e que son os que seguen:

PE101.02 Auditoría FIDES-AUDIT  
 IP601.14 Protección de datos  
 IP601.15 Igualdade, diversidade e non discriminación  
 PC100.01 Necesidades de persoal  
 PA100.01 Avaliación de persoal  
 DC111.01 Servizos, dotacións e infraestruturas  
 PA111.01 Petición de recursos  
 PA111.02 Contratación servizos  
 PA111.03 Compras  
 PA111.04 Inventario  
 PA111.05 Acordos de colaboración  
 PC112.01 Procedemento de seguimento e análise de resultados  
 PC112.03 Procedemento de consultas grupos de interese  
 IP112.01 Comunicación de resultados  
 PC113.01 Procedementos de información y comunicación

Os procedementos que se sinalan deberán estar dispoñibles antes da finalización do próximo

---

curso escolar 2018-2019.

<b>Nivel de cumprimento</b>	85%
<b>Resultados obtidos</b>	<p>Foron revisados os procedementos directamente vinculados cos procesos de matrícula, recoñecemento de créditos, avaliación, planificación docente, traballo fin de estudos ou titorías, que son fundamentais no desenvolvemento diario das actividades.</p> <p>Engadíronse novos procedementos coma o PA401.01 referido á transparencia e a boa administración, ou o PC701.05 Prácticas externas.</p> <p>En total revisáronse máis dun 50% dos procedementos e documentos do SGIC, e todos aqueles que se viron afectados pola nova normativa.</p>
<b>Grao de satisfacción</b>	Elevado.
<b>Accións correctoras a desenvolver</b>	Finalización dos procedementos non finalizados nos prazos sinalados.

---

**3**

**ACCION 3: Revisión da Memoria do Título**

<b>Punto débil detectado</b>	Aplicación dos criterios de programación didáctica contidos na Orde do 21 de novembro de 2016. Na dita orde establécese que para todas as disciplinas que integran o plan de estudos existirá unha Guía docente, desde a que o profesorado elaborará a Programación docente anual, segundo se recolle no PC701.01 Planificación docente, do Manual de Calidade.
<b>Ámbito de aplicación</b>	ESAD de Galicia Todas as especialidades
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Dirección Comisión de Coordinación Pedagóxica Departamentos Profesorado
<b>Obxectivos</b>	Renovar as guías docentes
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Reunións de área de departamento para revisar e aprobar as guías docentes.
<b>Período de execución</b>	Cursos 2016-2017 e 2017-2018.
<b>Responsable</b>	Dirección Xefatura de estudos Departamento de calidade
<b>Indicadores de execución</b>	Novo Manual da Titulación, con todas as Guías dispoñibles e actualizadas.
<b>Observacións:</b>	
Cómpre revisar que todas as guías estean nas dúas linguas oficiais: galego e castelán	
<b>Nivel de cumprimento</b>	100%
<b>Resultados obtidos</b>	Foron revisadas todas as guías.
<b>Grao de satisfacción</b>	Elevado.
<b>Accións correctoras a desenvolver</b>	Guías en lingua castelá pendentas de entregar.

---

 4

**ACCION 4: Prácticas externas**

<b>Punto débil detectado</b>	Carencia de prácticas externas
<b>Ámbito de aplicación</b>	ESAD de Galicia Todas as especialidades
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Dirección Vicedirección Departamento de mobilidade e transición
<b>Obxectivos</b>	Instaurar as prácticas externas como unha posibilidade complementaria de formación no posto de traballo
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Aplicar o procedemento elaborado. Lograr un número suficiente de empresas e coa diversidade necesaria. Facilitar prácticas externas a todo o alumnado que o solicite
<b>Período de execución</b>	Curso 2018-2019.
<b>Responsable</b>	Vicedirección Departamento de mobilidade e transición Departamentos didácticos Comisión de Coordinación Pedagóxica
<b>Indicadores de execución</b>	Grao de coñecemento do procedemento entre o alumnado e as empresas. Número de solicitudes presentadas (quer por alumnado quer por empresas) e número de solicitudes atendidas.
<b>Observacións:</b>	
Existen algúns problemas en algún sector do campo profesional en tanto a realización de prácticas pode supoñer ocupar un posto de traballo, caso concreto dunha persoa que interpreta un personaxe nun espectáculo. Se a alumna ou alumno en prácticas participa nos ensaios e finalmente participa no elenco do espectáculo, sen dúbida ocupa un posto de traballo. Por iso se están desenvolvendo conversas co sector profesional para acadar acordos, o que implica un cambio de cultura especialmente relevante.	
<b>Nivel de cumprimento</b>	Elaboración do procedemento: 100% Identificación de empresas: 80% Convenios de colaboración: 0%
<b>Resultados obtidos</b>	Deseño xeral do proceso e consideración de dificultades
<b>Grao de satisfacción</b>	Elevado, mesmo cos problemas comentados.
<b>Accións correctoras a desenvolver</b>	Lograr os consensos e acordos necesarioa.

5

**ACCIÓN 5: Información pública**

<b>Punto débil detectado</b>	Coñecemento insuficiente da Escola e da súa oferta educativa, das súas actividades e dos seus logros.
<b>Ámbito de aplicación</b>	<p>Grupos de interese, especialmente os centros educativos.</p> <p>Persoas interesadas en estudar arte dramática.</p> <p>Grupos de interese.</p> <p>Administracións públicas, institucións e entidades do sector educativo e cultural.</p>
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Secretaría académica
<b>Obxectivos</b>	<p>Informar da oferta educativa</p> <p>Informar das probas de acceso</p> <p>Informar das actividades que se celebran na Escola</p> <p>Dar información sobre antigos alumnos e alumnas e as súas actividades artísticas</p>
<b>Actuacións a desenvolver</b>	<p>Nova páxina web</p> <p>Mellora da presenza nas redes sociais</p> <p>Presenza en feiras educativas</p> <p>Visitas a centros</p> <p>Reunións periódicas con grupos de interese</p> <p>Información regular ás administracións educativas sobre actividades na Escola</p> <p>Información regular a medios de comunicación.</p> <p>Enquisa aos usuarios do centro para coñecer o grao de satisfacción.</p>
<b>Período de execución</b>	Curso 2017-2018 e 2018-2019
<b>Responsable</b>	Dirección
<b>Indicadores de execución</b>	<p>Valoración das actividades realizadas e dos seus efectos e impactos.</p> <p>Resultados da enquisa de satisfacción dos usuarios do centro.</p>
<b>Observacións:</b>	
Se ben as actividades sinaladas non moi necesarias, é importante considerar os escasos recursos materiais, económicos e humanos dispoñibles, pois na maioría dos casos sempre se realizan grazas ao traballo voluntario do profesorado.	
<b>Nivel de cumprimento</b>	A determinar en xullo de 2019.

---

<b>Resultados obtidos</b>	A determinar en xullo de 2019.
<b>Grao de satisfacción</b>	A determinar.
<b>Accións correctoras a desenvolver</b>	Segundo proceda no desenvolvemento do proceso.

---



**6**

**ACCIÓN 6: Actualización da páxina WEB**

<b>Punto débil detectado</b>	Formato de páxina obsoleta Melloras na organización e presentación da información
<b>Ámbito de aplicación</b>	Páxina WEB da ESAD de Galicia
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Dirección Secretaría académica
<b>Obxectivos</b>	Nova páxina WEB totalmente renovada e operativa no curso escolar 2018-2019-
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Presentar a nova páxina WEB no seu formato básico antes do mes de maio de 2018. Introducir as melloras que procedan ata setembro de 2018. Revisar, corrixir e desenvolver plenamente a páxina no curso escolar 2018-2019.
<b>Período de execución</b>	Xaneiro de 2018 a xullo de 2019.
<b>Responsable</b>	Secretaría académica
<b>Indicadores de execución</b>	Fácil identificación da información pública. Utilidades para alumnado e profesorado. Utilidades para alumnado egresado. Número de visitas. Enquisa de satisfacción usuarios
<b>Observacións:</b>	
Un dos aspectos importantes será a versión en lingua inglesa da páxina, cuestión que require a contratación de tradutores expertos.	
<b>Nivel de cumprimento</b>	100% para xullo de 2019.
<b>Resultados obtidos</b>	A determinar, segundo a enquisa de satisfacción de usuarios.
<b>Grao de satisfacción</b>	A determinar.
<b>Accións correctoras a desenvolver</b>	A determinar.

7

**ACCIÓN 7: Transparencia e boa administración**

<b>Punto débil detectado</b>	Necesidade de dar cumprimento aos protocolos establecidos pola Unión Europea no que atinxe ás funcións e responsabilidades da ESAD
<b>Ámbito de aplicación</b>	ESAD de Galicia: información interna e externa
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Dirección
<b>Obxectivos</b>	Desenvolver, aplicar e mellorar o procedemento PA401.01
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Dar publicidade aos aspectos básicos do procedemento PA401.01 na páxina WEB Aplicar o procedemento PA401.01 en todos os procesos do centro. Enquisa aos usuarios do centro para coñecer o grao de satisfacción.
<b>Período de execución</b>	De xaneiro de 2018 a xullo de 2019
<b>Responsable</b>	Dirección Profesorado Persoal de administración e servizos
<b>Indicadores de execución</b>	Número de reclamacións, queixas ou propostas de mellora recibidas. Análise dos resultados das enquisas.
<b>Observacións:</b>	
É un procedemento totalmente novo, polo que resulta difícil establecer previsións	
<b>Nivel de cumprimento</b>	O 100% de implantación para xullo de 2019.
<b>Resultados obtidos</b>	A determinar
<b>Grao de satisfacción</b>	A determinar
<b>Accións correctoras a desenvolver</b>	As que correspondan segundo se vaia aplicando o procedemento.

**8**

**ACCIÓN 8: Indicadores da titulación. Mellora**

<b>Punto débil detectado</b>	<p>Taxa de graduación</p> <p>Taxa de abandono</p> <p>Taxa de eficiencia</p> <p>Taxa de rendemento</p> <p>Taxa de éxito</p>
<b>Ámbito de aplicación</b>	<p>ESAD de Galicia</p> <p>Todas as especialidades</p>
<b>Responsable da súa aplicación</b>	<p>Dirección</p> <p>Departamentos</p> <p>Profesorado</p> <p>Alumnado</p>
<b>Obxectivos</b>	<p>Mellorar a porcentaxe en cada taxa cun incremento non inferior ao 10%, reducindo a taxa de abandono en idéntica proporción.</p>
<b>Actuacións a desenvolver</b>	<p><b>PROFESORADO / MEDIDAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Articular mecanismos e procedementos de mellora da coordinación docente, tanto horizontal como vertical. REUNIÓN DE EQUIPOS DOCENTES.</li> <li>• Apoiar e reforzar o Plan de Acción Titorial como elemento indispensable para que o alumno de primeiro curso afronte o inicio da titulación con garantías e distribúa os seus esforzos de forma eficaz. SEGUIMENTO DO PLAN CON REUNIÓN PERIÓDICAS CON TITORES/AS.</li> <li>• Desenvolver metodoloxías docentes que permitan acadar os resultados de formación e os obxectivos da titulación. CURSO DE FORMACIÓN SOBRE METODOLOXÍAS DOCENTES.</li> <li>• Organizar talleres para o profesorado tendentes a mellorar as súas habilidades docentes sobre a elaboración de guías didácticas claras, e sobre aplicación e mellora da avaliación continua, e as diferentes posibilidades metodolóxicas que faciliten a mesma. CURSO DE FORMACIÓN SOBRE METODOLOXÍAS DOCENTES</li> <li>• Revisar as competencias, analizando a distribución das mesmas por materias/disciplinas, comprobando que o</li> </ul>

nivel de complexidade entre materias/disciplinas no difira excesivamente no reparto de tales competencias. REVISIÓN DO MAPA DE COMPETENCIAS POR CURSOS PRESENTES NAS GUÍAS DOCENTES E AXUSTE DO MESMO ÁS NECESIDADES DE CADA CURSO. REVISIÓN GUÍAS

- Fomentar a coordinación entre as guías docentes das diferentes materias, para evitar a existencia de solapamentos ou lagoas entre as mesmas. XUNTANZAS DE TITULACIÓN POR CURSOS.
- Axustar a carga real das materias á indicada no título, especialmente, a relativa a actividades no presenciais. REVISIÓN DE TRABAJO INDIVIDUAL DO ALUMNADO COORDINADA POLO PROFESORADO TITOR DE GRUPO.
- Favorecer a coordinación fronte a proposta de traballos por parte das diferentes materias, para evitar a coincidencia no tempo e favorecer o reparto equitativo do tempo que os estudantes dedican ao traballo autónomo nas distintas materias. REVISIÓN DE CARGA DE TRABAJO DO ALUMNADO COORDINADA POLO PROFESORADO TITOR DE GRUPO.
- Detectar posibles problemas que xurdan na dinámica dos grupos. REUNIÓN DE EQUIPOS DOCENTES.
- Os/as titores/as e coordinadores/as dos grupos e niveis, deben convocar reunións en horario que poidan asistir a maioría dos profesionais para comentar cuestións relevantes sobre a marcha do cuadrimestre. CONTROL DE ASISTENCIA A XUNTANZAS OBRIGATORIAS.
- Racionalizar a orde establecido no calendario de exames para as distintas materias axustándoo ao grado de dificultade que presentan. AXUSTE HORARIOS COS DELEGADOS DE CURSO.
- Establecer estratexias para motivar aos alumnos que están cursando estas titulacións para que continúen nas mesmas. ELABORACIÓN DUNHA ESTRATEXIA CONXUNTA DE

	<p>TRABALLO PARA CADA CURSO E CUADRIMESTRE.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Intensificar as políticas de captación de estudantes, co fin de mellorar o perfil de ingreso dos nosos alumnos. REVISIÓN POLÍTICAS DE COMUNICACIÓN CON CENTROS EDUCATIVOS E MELLORAS.</li> </ul> <p><b>ALUMNADO / MEDIDAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Mellorar a participación dos estudantes nas accións encamiñadas a mellorar o rendemento nos exames. XUNTANZAS COA XEFATURA DE ESTUDOS.</li> <li>Favorecer a coordinación fronte a proposta de traballos por parte das diferentes materias, para evitar a coincidencia no tempo e favorecer o reparto equitativo do tempo que os estudantes dedican ao traballo autónomo nas distintas materias. XUNTANZAS DO PROFESORADO TITOR COS DELAGADOS E DELEGADAS DE CURSO.</li> <li>Detectar posibles problemas que xurdan na dinámica dos grupos. XUNTANZAS DO PROFESORADO TITOR CO GRUPO.</li> </ul>
<b>Período de execución</b>	Curso 2018-2019.
<b>Responsable</b>	Dirección
<b>Indicadores de execución</b>	Medidas adoptadas e actividades realizadas en cada una das propostas contidas en cada medida: xuntanzas, coordinación de traballos, organización de exames, cursos de formación, materiais de formación...
<b>Observacións:</b>	
<b>Nivel de cumprimento</b>	A determinar en xullo de 2019.
<b>Resultados obtidos</b>	A determinar en xullo de 2019.
<b>Grao de satisfacción</b>	A determinar en xullo de 2019.
<b>Accións correctoras a desenvolver</b>	As que correspondan.

---

 9

**ACCIÓN 9: Taxas de inserción laboral**

<b>Punto débil detectado</b>	Carencia de taxas de inserción laboral
<b>Ámbito de aplicación</b>	ESAD de Galicia Alumnado egresado
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Dirección
<b>Obxectivos</b>	Realizar unha enquisa que permita coñecer o grao de emprego das últimas promocións.
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Lograr a colaboración de profesionais externos para a realización do estudo.
<b>Período de execución</b>	Curso escolar 2018-2019.
<b>Responsable</b>	Dirección
<b>Indicadores de execución</b>	Realización do estudo.
<b>Observacións:</b>	
Esta medida depende do voluntarismo de profesionais externos á ESAD, ou da propia ESAD que dispoñan do tempo necesario para realizar o estudo. Tentarase lograr o apoio de algunha entidade ou institución.	
<b>Nivel de cumprimento</b>	A determinar.
<b>Resultados obtidos</b>	A determinar.
<b>Grao de satisfacción</b>	A determinar.
<b>Accións correctoras a desenvolver</b>	As que procedan.

---

**10**

**ACCIÓN 10: Certificación FIDES-AUDIT**

<b>Punto débil detectado</b>	Carencia de certificación
<b>Ámbito de aplicación</b>	ESAD de Galicia Procedementos de xestión académica e educativa.
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Dirección Departamento de calidade
<b>Obxectivos</b>	Iniciar o proceso que permita lograr en poucos anos a certificación FIDES-AUDIT.
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Deseño e desenvolvemento do procedemento PE101.02 Auditoría FIDES-AUDIT coa finalidade de establecer os pasos a dar, así como as accións e evidencias a realizar e recoller. Antes do inicio do próximo curso escolar 2018-2019.  Implantación do novo Manual de Calidade no curso escolar 2018-2019, e revisión do mesmo.  Recollida de evidencias en todos os procedementos.  Plan de traballo para todos os sectores implicados, indicando as evidencias a recoller e manter.
<b>Período de execución</b>	Inicio no curso escolar 2018-2019.
<b>Responsable</b>	Dirección Departamento de Calidade /Servicio de calidade
<b>Indicadores de execución</b>	Porcentaxe de evidencias por procedemento superior ao 80%.
<b>Observacións:</b>	
<b>Nivel de cumprimento</b>	A determinar.
<b>Resultados obtidos</b>	A determinar.
<b>Grao de satisfacción</b>	A determinar.
<b>Accións correctoras a desenvolver</b>	As que procedan.



11

**ACCIÓN 11: Informe de seguimiento ACSUG 2014-2015**

<b>Punto débil detectado</b>	Os que se sinalan a continuación, segundo aparecen recollidos no Informe de referencia sinalado, cos comentarios relativos a melloras introducidas, dificultades encontradas e propostas de traballo en curso.
<b>Ámbito de aplicación</b>	ESAD de Galicia
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Dirección
<b>Obxectivos</b>	Mellorar as eivas detectadas e sinaladas.
<b>Actuacións a desenvolver ou desenvolvidas</b>	As que de seguida se sinalan.
<b>Período de execución</b>	Cursos escolares 2016-2017 e 2018-2019.
<b>Responsable</b>	Dirección

PUNTOS DÉBILES DETECTADOS	ACCIÓNS REALIZADAS
<p>INFORMACIÓN PÚBLICA (p. 4)</p> <p>Faltan os indicadores de satisfacción do alumnado co programa formativo, do profesorado co programa formativo, así como a evolución das enquisas de satisfacción.</p>	<p>Como se sinalou no Autoinforme 2014-2015 a ESAD de Galicia trasladou á administración educativa competente a necesidade de enfrontar as enquisas de satisfacción con criterios de rigor, obxectividade e profesionalidade, polo que se trasladou unha proposta para a realización das mesmas. En concreto un presuposto da mesma empresa que realiza tales estudos para a Universidade de Vigo. A proposta foi desestimada.</p> <p>Nas reunións de seguimento celebradas na ACSUG a ESAD de Galicia manifestou a necesidade de que a administración educativa fose a responsable da realización de tales traballos.</p>
<p>INFORMACIÓN PÚBLICA (p. 4)</p> <p>“Perfiles profesionales del profesorado del centro”</p>	<p>Xa dispoñibles na nova páxina WEB.</p>
<p>INFORMACIÓN PÚBLICA (p. 4)</p> <p>“Composición de la comisión encargada de la calidad en el centro” (p. 4)</p>	<p>Xa dispoñibles na nova páxina WEB, tanto na sección de Calidade como no Menu Vertical: Escola / Organigrama.</p>
<p>1. JUSTIFICACIÓN DE LA TITULACIÓN</p> <p>“Información sobre oferta y demanda”.</p> <p>“Evolución del número de alumnos de nuevo ingreso y del número de graduados”. (p. 4)</p>	<p>Na especialidade de Interpretación hai tres demandantes de praza para cada unha das ofertadas (unhas 80 demandas para 24 prazas). Nas especialidades de Dirección escénica e dramaturxia, ou Escenografía, a proporción é diferente, a veces equivalente, e outras veces a demanda é inferior (12 demandas para 12 prazas ou 8 demandas para 12 prazas).</p>

No caso da especialidade de Escenografía, una porcentaxe superior ao 50 por cento das persoas que demandan información, normalmente vía telefónica, preguntan se a titulación é universitaria. O feito de non selo pode influír no número de demandantes de praza.

Na especialidade de Interpretación a taxa se abandono é inferior ao 15%, mentres que en Dirección escénica e dramaturxia aumenta ao 57%, e en Escenografía sitúase no 25%. Non se teñen determinado as causas, dadas as dificultades para contactar con ese alumnado. As razóns, con todo, son moi diversas, desde a non concesión dunha bolsa de estudos, ás escasas infraestruturas con que conta o centro en especialidades nas que os recursos técnicos son fundamentais. A escola non conta, por exemplo con aulas para construcións escenográficas, pero tampouco con aulas de iluminación, con maquinaria escénica, ou con un almacén de recursos escénicos (vestiario, útiles de escenografía). No caso de dirección, o alumnado non conta con recursos humanos para a realización de prácticas de dirección, se ben no período 2005-2009 si contou con eses recursos, fundamentais para os procesos de ensinanza e aprendizaxe.

2. “Perfil de ingreso de los alumnos” (p. 5)

Xa está dispoñible na web.

2. “Reconocimiento de estudios” (p. 5)

En relación co “recoñecemento” dos estudos, estes son equivalentes a un título universitario de grao, cousa que se fai constar na descrición do título.

Para o recoñecemento de créditos existe un procedemento PC601.02 Realización da matrícula, se ben se vai singularizar moito máis esa posibilidade na nova páxina WEB.

En relación a outro tipo de recoñecementos, a responsable dos mesmos é a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2. “Mecanismos de captación, acogida y orientación de estudiantes, especialmente de nuevo ingreso” (p. 5).

Información na páxina WED.

Visitas de centros escolares.

Visitas a centros escolares.

Publicidade en medios de comunicación.

Publicidade en redes sociais.

Presencia en feiras e eventos educativos como EDUGAL.

Son liñas de traballo abertas nas que

	<p>tentamos mellorar ano a ano, e así o número de centros educativos que nos visitan ten aumentado de forma considerable. Para o presente curso escolar están previstas un total de 17 visitas con 350 alumnos e alumnas, a maioría procedente de centros de secundaria e bacharelado.</p> <p>En relación coa acollida, existe un procedemento específico PA701.01, e sempre no inicio do curso escolar se dedica un día para acoller o alumnado de novo ingreso. Sen embargo, o feito de termos que comezar as clases contra o día 15 de setembro, e non nos primeiros días de setembro, como sería o noso desexo, impide que poidamos dedicar máis tempo a realizar unha acollida de un par de días polo menos.</p> <p>Queda por impulsar o Plan de Acción Titorial (PC901.01) ao cen por cen, algo que deberemos acometer no próximo curso escolar 2018-2019, de igual maneira que deberemos facer co Plan de Orientación Profesional (PA901.01), se ben neste caso a falta de recursos humanos e materiais é especialmente determinante.</p>
3. Metodoloxías docentes, coordinación, sistemas de avaliación (p. 5)	Ver Acción número 12, neste mesmo documento.
3. “Prácticas externas” (p. 5)	Tense elaborado un procedemento e iniciarase o proceso no próximo curso escolar 2018-2019.
3. “Movilidad” (p. 4).	A ESAD ten incrementado de forma substantiva o número de centros cos que mantén convenio ERASMUS, ata un total de 25. Para o curso escolar 2018-2019 iniciaremos unha nova liña de traballo no ámbito do ERASMUS MUNDUS, de xeito que o noso alumnado poida solicitar mobilidades en países nos que non existan barreiras lingüísticas, como os de Iberoamérica.
3. “Comisión responsable del título” (p. 5).	Trátase de figuras e de comisións perfectamente viables en centros universitarios, pero non así en centros de secundaria, que no fondo é o que é unha ESAD. Na ESAD existe unha Xunta de titulación, pero trátase dunha figura “inventada”, sen ningunha apoio legal. Por outra banda a responsabilidade de coordinar un título esixe tempo e dedicación. Unha ordenación inadecuada das ensinanzas conduce a esta situación de absoluto voluntarismo.
3. “Catálogo de propostas para a mellora do	No ámbito das responsabilidades do centro,

título” (p. 5)

especialmente no que atinxe aos procesos de ensinanza-aprendizaxe e creación cómpre destacar de novo a ACCIÓN 12, que complementa a ACCIÓN 8 (Mellora de indicadores), que se presenta máis arriba. Outras propostas de mellora dependen dos recursos que poidan achegar as administracións educativas, que son certamente importantes, como se pode ver no documento Anexo I.

4. “Recursos humanos disponibles” (p. 6)

Como se pode ler no Anexo I, o cadro de persoal docente do centro viuse reducido nos últimos anos, e igualmente o persoal de administración e servizos, o que afecta ao desenvolvemento de actividades e cumprimento de funcións e responsabilidades dunha escola que ofrece unha titulación equivalente a un título de grao.

Por outra banda non se atenderon as necesidades de persoal de administración e servizos que serían necesarias para o acompañamento dos procesos de ensinanza, aprendizaxe e creación: persoal técnico, persoal de biblioteca e persoal de conserxería, como consta no Anexo I.

4. “Satisfacción general del alumnado con el profesorado”, “evaluación de la actividad docente” (p. 6)

Non existen recursos para realizar as enquisas de satisfacción segundo parámetros de obxectividade, rigor, profesionalidade e transparencia, así como para o manexo de datos e información. A nova normativa de protección de datos limita as posibilidades de que o propio centro se ocupe dunhas tarefas de estatística aplicada na que por outra banda non contamos con especialistas, pois non se demandan tales coñecementos nos nosos perfís profesionais e docentes.

4. “Opinión de los profesores sobre el proceso de enseñanza-aprendizaje” (p. 6)

Non existen recursos para realizar as enquisas de satisfacción segundo parámetros de obxectividade, rigor, profesionalidade e transparencia, así como para o manexo de datos e información. A nova normativa de protección de datos limita as posibilidades de que o propio centro se ocupe dunhas tarefas de estatística aplicada na que por outra banda non contamos con especialistas, pois non se demandan tales coñecementos nos nosos perfís profesionais e docentes.

5. “Recursos materiales” (p. 6). Solicitudes diante da administración educativa.

Cómpre sinalar que a insuficiencia dos recursos materiais xa foi trasladada en múltiples ocasións á Consellería, sen que en ningún caso se dese resposta. Desde a dirección do centro cursáronse máis de 20 peticións de entrevista ao Sr. Conselleiro para

---

	<p>ver de analizalas e de calibrar a posibilidade dun plan de melloras gradual, pero en ningún caso se atendeu esa petición de entrevista. Seguimos agardando a ser recibidos e mentres esa entrevista non se produce, remitimos unha nova carta.</p> <p>Ao longo de todos estes anos a nosa insistencia foi permanente, pero sen resposta.</p> <p>A modo de exemplo podemos dicir que en diversas ocasións enviamos solicitudes de material informático á Inspección educativa, como é preceptivo, quen as trasladou a administración e en ningún caso foron atendidas. Nos dous últimos cursos a ESAD desenvolveu un plan de formación en centros, coordinado desde o Centro de Formación e recursos (CEFORE) de Vigo, e unha das liñas estaba relacionada con MOODLE. Pois ben o profesorado tivo que traer os seus propios ordenadores para realizar o curso, ao non dispoñer de material informático.</p> <p>Como outro exemplo debemos dicir que o centro carece dunha rede WIFI axeitada ás necesidades do alumnado e do profesorado.</p>
6. “Indicadores de satisfacción” (p. 7)	Non existen recursos para realizar as enquisas de satisfacción segundo parámetros de obxectividade, rigor, profesionalidade e transparencia, así como para o manexo de datos e información. A nova normativa de protección de datos limita as posibilidades de que o propio centro se ocupe dunhas tarefas de estatística aplicada na que por outra banda non contamos con especialistas, pois non se demandan tales coñecementos nos nosos perfís profesionais e docentes.
6. “Indicadores de rendimientto”, “evolución en el tiempo” (p. 6),	Neste novo informe xa se inclúe unha valoración de indicadores considerando varias promocións.
6. Accións para diminuír taxas negativas (p. 6)	Ver ACCIÓN 8 e ACCIÓN 12.
6. “Índices de inserción laboral” (p. 7)	Para o curso escolar 2018-2019 tentaremos elaborar un novo estudo.
7. “Diseño e implantación del SGIC” (p. 8).	O inicio da preparación dunha futura auditoría FIDES-AUDIT servirá para ten en conta todas as atinadas reflexións, ideas e suxestións realizadas no informe.
PLAN DE MEJORAS	
Distribución de accións de mellora (p. 8).	Certamente o Plan de Melloras podería ter un desenvolvemento mellor, pero ao ser unha primeira versión optamos pola brevidade. Na ACCIÓN 12 aparece mellor desenvolvido, atendendo ás suxestións realizadas.

---

12

**ACCION 12: Mellora permanente dos procesos de ensinanza e aprendizaxe**

<b>Punto débil detectado</b>	<p>Cómpre mellorar os procesos de ensinanza e aprendizaxe de forma permanente, vinculando de forma global toda a actividade que se realiza no centro: docencia, creación, avaliación, metodoloxías docentes, ou traballos fin de estudos.</p> <p>No Informe de Seguimento da ACSUG faise referencia á necesidade de seguir a traballar nesta liña, da que agora destacamos algunhas propostas especialmente relevantes.</p>
<b>Ámbito de aplicación</b>	Todos os cursos da Escola
<b>Responsable da súa aplicación</b>	<p>Dirección do centro</p> <p>Xefatura de Estudos</p> <p>Titores/as de grupo</p> <p>Departamentos</p> <p>Profesorado</p>
<b>Obxectivos</b>	<p>Mellorar o acompañamento do alumnado a través das titorías e das titorías docentes.</p> <p>Actualizar metodoloxías didácticas e procedementos de avaliación.</p> <p>Promover unha maior integración das actividades de xeito interdisciplinario.</p> <p>Mellorar o rendemento académico do alumnado e o seu grao de satisfacción coas disciplinas e cos estudos que realiza, reducindo as taxas de abandono nas especialidades en que se produza.</p>
<b>Actuacións a desenvolver</b>	As que máis abaixo se indican, de forma prioritaria.
<b>Período de execución</b>	Curso escolar 2018-2019
<b>Responsable</b>	<p>Dirección</p> <p>Profesorado</p> <p>Titores/as</p> <p>Departamentos</p>
<b>Indicadores de execución</b>	<p>Grao de satisfacción do alumnado e redución das taxas de abandono.</p> <p>Grao de satisfacción do profesorado e redución ao mínimo de incidencias de aula, abandonos e outras problemáticas que se poidan derivar dunha planificación colectiva insuficiente.</p>



**Observacións:**

Nunha columna imos considerar os ámbitos responsables e as accións a realizar e na outra consideramos os obxectivos concretos que queremos agardar.

**ÁMBITO DE TRABALLO****Plan de acción tutorial. Traballo do titor/a de grupo co alumnado.****Titorías docentes entre profesorado e alumnado, de forma individual e colectiva.**

O profesorado que exerza funcións de titoría de grupo coordinará esa planificación, para o que todo o profesorado do curso que proceda, enviará información sobre traballos solicitados e prazos, para que a titora ou o titor comprobén que a carga de traballo está equilibrada ao longo do cuadrimestre. O profesorado titor velará por esa distribución equilibrada de traballos (prácticos, teóricos...), e poderá solicitar do profesorado cambios nas datas, ou propoñer unha xuntanza de equipo docente para considerar posibilidades.

**OBXECTIVOS ESPECÍFICOS A ACADAR**

- Afondar no acompañamento do alumnado, en especial en primeiro curso, pero tamén nos restantes, mantendo reunións periódicas co grupo de aula, tanto por parte do profesorado titor como por parte do profesorado de cada disciplina se for necesario.
- Adecuar o volume de traballo de cada disciplina aos créditos asignados no plan de estudos no que afecta ás horas de traballo autónomo do alumnado. Adecuar os traballos, no seu número e extensión, ás horas dispoñibles para ese traballo autónomo.
- Planificación e distribución dos traballos do alumnado ao longo do cuadrimestre, mantendo un estrito cumprimento dos prazos establecidos para a súa presentación. Calquera cambio nos prazos deberá ser consultada co profesorado titor.
- Darlle ás disciplinas unha orientación escénica, de xeito que a arte dramática impregne de forma transversal todas as actividades de aula.
- Reunións de equipos docentes para facer un seguimento axeitado da marcha do curso.

**Desenvolvemento de todas as competencias da titulación.**

- As persoas que exercen a Xefatura dos departamentos de Escenografía, Dirección escénica e dramaturxia, e Interpretación, revisarán o mapa xeral de competencias da titulación. Con este documento analizarase a distribución de competencias por curso en cada especialidade e realizaranse os axustes e melloras, para desde a Xunta de Titulación dar orientacións e pautas de traballo cooperativo entre as diferentes disciplinas.
- Coordinación entre programacións docentes de cada curso, mediante reunións de planificación do cuadrimestre entre o profesorado. Definición de obxectivos comúns.



	<ul style="list-style-type: none"><li>• Proxectos específicos para desenvolver as competencias por curso en cada titulación, quer a través das reunións de equipos docentes, quer a través de reunións de Xunta de titulación.</li></ul>
<b>Avanzar no traballo interdisciplinario, desde primeiro curso ata o Traballo de Fin de Estudos.</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Consolidar os proxectos en marcha: creación dunha proposta escénica para o Museo de Pontevedra en primeiro curso, e proposta para o Concello de Redondela en segundo curso. Buscar proxectos para terceiro curso que impliquen todas as titulacións.</li><li>• Afianzar os obradoiros integrados, no seu deseño, planificación e desenvolvemento. O alumnado e o profesorado de todas as especialidades realizan un proxecto escénico conxunto.</li></ul>
<b>Actualizar metodoloxías docentes, de avaliación e de programación.</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Solicitud de cursos de formación.</li><li>• Solicitud de proxectos de formación en centros.</li><li>• Creación de seminarios permanentes.</li></ul> <p>Todas as actividades a través do Centro de Formación e Recursos de Vigo.</p>
<b>Acompañar os procesos de aprendizaxe do alumnado a través de novos recursos.</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Materias didácticos en rede.</li><li>• Moodle.</li></ul>
<b>Plan de Orientación Profesional</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Organización de actividades que permitan que o alumnado visualice e coñeza os aspectos substantivos da praxe profesional futura e as competencias necesarias, de xeito que poida vincular esa actividade futura coas aprendizaxes a realizar na aula: conferencias, mesas de debate, visitas a empresas...</li></ul>